

Resolución do 9 de marzo de 2005 pola que se convoca un curso sobre a nova instrución da contabilidade pública na Administración local.

Dentro do plan de actividades da EGAP para o 2005, e a través do Centro de Estudos Locais de Galicia, conforme coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócase un curso sobre a nova instrución da contabilidade pública na Administración local, que deberá desenvolverse conforme as seguintes bases:

Primeira.-Obxectivos.

Actualización de coñecementos en materia contable, analizando desde un punto de vista práctico o novo marco xurídico da contabilidade pública local.

Segunda.-Destinatarios.

Funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional e técnicos de corporacións locais pertencentes aos grupos A/B ou asimilados.

Terceira.-Desenvolvemento.

3.1. Duración: 30 horas.

3.2. Lugares e datas:

A Coruña: 18, 19, 20, 21, 25, 26, 27 e 28 de abril e 2 e 3 de maio de 2005.

Lugo: 25, 26, 27 e 28 de abril e 2, 3, 4, 5, 9 e 10 de maio de 2005.

Ourense: 2, 3, 4, 5, 9, 10, 11, 12, 18 e 19 de maio de 2005.

Pontevedra: 9, 10, 11, 12, 18, 19, 23, 24, 25 e 26 de maio de 2005.

3.3. Horarios: de 17.00 a 20.00 horas.

3.4. Prazas: 30 por edición.

Cuarta.-Solicitudes.

O persoal que desexe participar no curso programado deberá solicitalo coa presentación da instancia que segundo modelo oficial figura como anexo I desta resolución, e cubrila en todas as súas epígrafes, e na que se farán constar, en todo caso, os seguintes datos:

Descrición do posto de traballo que desempeña na actualidade, acompañando á solicitude a certificación, que figura como anexo II desta resolución, na que conste o tipo de traballo que realiza e a súa relación co contido do curso.

Conformidade da entidade na que presta servizos. Cando solicite máis dun interesado da mesma corporación, deberase especificar a orde de preferencia.

A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección dos aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado.

As solicitudes irán dirixidas ao director da EGAP, e presentaranse no rexistro da Escola Galega de Administración Pública, rúa Madrid, 2-4, 15707 Santiago

de Compostela, ou tramitaranse por calquera das outras formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Admitiranse tamén inscricións por telefax: 981 54 63 30, sen prexuízo da necesidade de remisión da solicitude orixinal por correo ordinario.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o día 4 de abril de 2005.

Seguidamente, efectuarase a selección dos participantes e esta notificaráselles directamente aos admitidos e publicarase na páxina web: www.egap.xunta.es.

Quinta.-Selección.

Os criterios de selección suxeitaranse ás directrices sinaladas na Resolución do 11 de febreiro de 2004, pola que se fan públicos os criterios de participación nas actividades da EGAP (DOG nº 34, do 18 de febreiro).

Sexta.-Modificacións.

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que puidesen xurdir no desenvolvemento do curso, así como a de anulalo se o escaso número de solicitudes non xustificase a súa realización.

Sétima.-Certificado de asistencia.

Outorgaráselles certificado de asistencia aos alumnos que participen con regularidade no curso, e é obrigatoria a asistencia a todas as sesións. Toda inasistencia deberá ser xustificada convenientemente, sen que poida exceder en ningún caso do 15% das horas lectivas programadas.

Unha inasistencia superior ao 15% das horas lectivas programadas, aínda que sexa xustificada, impedirá a expedición do correspondente certificado.

Oitava.-Valoración.

Para os efectos do establecido na Resolución do INAP do 26 de outubro de 1994, BOE nº 267, do 8 de abril, e corrección, BOE nº 311, do 29 de decembro, pola que se establecen os criterios de recoñecemento e valoración dos cursos de Administración local en cumprimento do establecido na orde do Ministerio para as Administracións Públicas do 10 de agosto de 1994, a este curso outorgaráselle unha puntuación de 0,60 puntos.

Novena.-Contido.

Principios xerais dos modelos de contabilidade local. Inmobilizado. Endebedamento. Pagamentos para xustificar. Anticipos de caixa fixa. Remanentes de crédito. Proxectos de gasto. Gastos con financiamento afectado. Operación de inicio e fin de exercicio. Magnitudes de carácter orzamentario. A conta xeral da entidade local e outra información contable.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2005.

Domingo Bello Janeiro
Director da Escola Galega de Administración
Pública

ANEXO I

1.- CURSO OU ACTIVIDADE SOLICITADA									
Denominación									
Resolución de convocatoria			Nº DOG		Data de publicación				
Lugar de realización			Datos		Horario				

2.- SOLICITANTE									
Apellidos		Nome		DNI					
Enderezo particular: rúa		Nº		Localidade		Provincia		CP	
								Teléfono	

3.- DATOS ADMINISTRATIVOS									
Clase de persoal (func., event., inter., lab. fixo, lab. temporal, etc.)									
Corpo		Grupo/Categoría							
NRP		Data de ingreso no corpo		Data de ingreso na Administración					
Posto de traballo: denominación		Nivel		Data de nomeamento					
Administración: autonómica/local/universitaria/estatal,etc		Consellería ou entidade de pertenza		Centro directivo					
Enderezo do posto de traballo: rúa, número		Localidade (provincia)		Teléfono		Fax		CP	
Breve descrición das tarefas do posto de traballo que teñan especial relación co obxecto do curso									

4.- DATOS ACADÉMICOS			
Títulos		Centros	
		Duración	
		Data de realización	

5.- DECLARACIÓN-SOLICITUDE	
- Declaro, baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que figuran nesta solicitude.	
- Solicito tomar parte no curso ou actividade de referencia.	
..... de de 2005.	
Sinatura.....	

6.- INFORME DO/A XEFE/A DO CENTRO DIRECTIVO	
Vista a solicitude e o interese para o servizo, emítese informe sobre a asistencia ao curso ou actividade solicitada	
☐ favorable	
☐ desfavorable	
..... de de 2005.	
Sinatura e selo do órgano informante	
Asdo.:	

DIRECTOR DA EGAP, polígono das Fontiñas, rúa de Madrid, 2 - 4, 15707 Santiago de Compostela

ANEXO II

D.....secretario xeral
do concello ou entidade local.....

Certifico:

Que Don/a, no
desempeño do seu posto de traballo de
.....
realiza tarefas directamente relacionadas co contido
do curso

..., ... de ... de 2005.

Asdo.:

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

*Resolución do 16 de febreiro de 2005 pola
que se ordena a publicación do Regula-
mento para o recoñecemento de grupos
de investigación da Universidade da
Coruña (aprobado no Consello de Gober-
no do 10 de febreiro de 2005).*

Regulamento para o recoñecemento de grupos de
investigación da Universidade da Coruña (aprobado
en Consello de Goberno do 10 de febreiro de 2005).

-Introdución.

A LOU menciona os grupos de investigación como
un dos niveis en que se organiza a investigación
nas universidades. De conformidade co previsto no
artigo 56.1º dos estatutos da UDC, resulta conve-
niente definir que é un grupo de investigación reco-
ñecido pola UDC e elaborar a normativa que esta-
bleza a súa creación e composición.

A constitución de grupos de investigación debe
acompañarse da elaboración dun censo destes, para
coñecer de forma precisa a situación da investigación
na UDC e poder establecer unha política científica
adeuada, así como para facilitar a difusión da inves-
tigación no contorno empresarial e socio-cultural.
Os grupos de investigación serán a base sobre a
que se elaborará a produción científica da UDC,
identificando dentro deles os que teñan a conside-
ración de grupos de excelencia.

Definición de grupo de investigación:

Os grupos de investigación son unidades de inves-
tigación que constitúen a estrutura básica para o
desenvolvemento da investigación na universidade.
Son unidades estables de organización e xestión da
actividade investigadora con recursos suficientes
que permiten unha actividade investigadora com-
petitiva e continuada, apoiada nunha capacidade de
financiamento sustentable.

Os grupos de investigación son o resultado da libre
e voluntaria agrupación de investigadores doutores
con capacidade plena para o desenvolvemento da
actividade investigadora e outro persoal da UDC,
por razóns de coincidencia estable nos seus obxec-
tivos, infraestruturas e recursos compartidos, en tor-

no a unhas determinadas liñas de investigación,
desenvolvemento e innovación.

Poderanse constituír como grupo de investigación
os grupos de profesorado e investigadores que, cum-
prindo os requisitos deste regulamento, solicítasen
o seu recoñecemento como tal grupo á Vicerreitoría
de Investigación e fosen aprobados polo reitor, logo
do informe favorable da Comisión de Investigación.

-Criterios para a constitución dun grupo.

Un grupo de investigación recoñecido pola UDC
estará integrado como mínimo por 3 investigadores
doutores vinculados á UDC, un dos cales debe ter
unha antigüidade mínima de seis anos de doutor.
Como índice de estabilidade, sustentabilidade e
competitividade, un grupo debe acreditar, conxun-
tamente, dúas das condicións seguintes:

* Financiamento continuado como IP durante os
últimos catro anos con, ao menos, unha participación
en proxectos financiados en convocatorias públicas
externas á universidade ou dous contratos de I+D
por importe superior a 12.000 euros durante o mesmo
período.

* 2 sexenios de investigación activos nos membros
do grupo (é dicir, obtidos nos últimos sete anos).
En caso de non reunir os requisitos para solicitar
sexenios, débense acreditar polo menos 5 publica-
cións de calidade no seu ámbito nos catro últimos
anos.

* Dúas teses de doutoramento dirixidas nos seis
anos anteriores e, polo menos, outra acreditable en
fase de realización.

O grupo non poderá ser un simple agregado de
investigadores senón que debe colaborar cun obxec-
tivo científico común. Neste sentido terase en conta:
a existencia dunha temática común, de obxectivos
específicos similares e/ou complementarios, a uti-
lización de técnicas similares, o aproveitamento dun-
ha infraestrutura común, a coparticipación en
proxectos de investigación, a existencia de publi-
cacións mixtas, etc.

Cada grupo deberá ter unha persoa coordinadora,
que debe ser PDI doutor do cadro de persoal da
UDC, con antigüidade mínima de seis anos de doutor
e que acredite actividade investigadora. Ademais
da coordinación, exercerá como responsable e repre-
sentante do equipo investigador.

O grupo é unha estrutura con vocación duradeira.
Non é o equipo de investigadores dun proxecto nin
obriga a todos os seus membros a participar en todos
os proxectos do grupo. Os membros do grupo com-
prométense a formar parte del por un período de,
polo menos, 3 anos desde a data da súa incorporación
a este.

Non se pode pertencer a máis dun grupo. Porén,
iso non é ningún obstáculo para que un investigador
colabore en proxectos con outros grupos, senón máis
ben ao contrario: as colaboracións son desexables
e signo de interdisciplinariedade.